

ACTA DE DESCONVOCATORIA DA FOLGA PROMOVIDA POR CESM, CON CARÁCTER INDEFINIDO, A PARTIR DO 11 DE ABRIL DE 2023.

Pola Administración

Julio García Comesaña.- Conselleiro de Sanidade
 María Estrella López-Pardo Pardo.- Xerente do Servizo Galego de Saúde
 Jorge Aboal Viñas.- Director xeral de Asistencia Sanitaria
 Ana María Comesaña Álvarez.- Directora xeral de Recursos Humanos.
 Mercedes Castro Seijas.- Subdirectora xeral de Xestión de Profesionais.
 Margarita Prado Vaamonde.- Subdirectora xeral de Políticas de Persoal.
 Fco. Javier García Caeiro.- Xefe de Servizo de Planificación Normativa

Polo comité de folga:

Ramón Barreiro Paz
 Enrique Marra-López Moreno
 Antonio Otero Peña
 Enrique Fernández-Carrera Soler
 Armando Manuel Gómez Iglesias
 Marina Rodríguez López
 Hugo Agreda López
 Alberto Escobar Veiga

En Santiago de Compostela, ás 17 horas do día 19 de abril de 2023, no edificio administrativo de San Lázaro, Santiago de Compostela, reúnense as persoas á marxe relacionadas e, como remate das negociacións celebradas os días 31 de marzo, 3 e 5 de abril de 2023, **MANIFESTAN:**

A pandemia da covid-19, que tanto esforzo supuxo para os e as profesionais -digno do máximo recoñecemento-, demandou e está demandar das organizacións sanitarias, tamén do Servizo Galego de Saúde, un gran proceso de renovación, coa ampliación contínua das súas capacidades e o impulso de melloras organizativas.

Nestes últimos meses a demanda asistencial e a actividade tiveron un importante incremento, froito da situación vivida na pandemia, o que está a repercutir directamente na presión asistencial nos servizos de saúde e no persoal que traballa neles.

Neste contexto, no eido das relacións de traballo, o Sistema Nacional de Saúde está a vivir un proceso caracterizado, por unha parte, pola revisión do marco normativo tanto do emprego público (por exemplo, en materia de selección do persoal especialista) como de toda a normativa que o

regula, e por outra, por un contexto xeral nos servizos de saúde de melloras laborais e retributivas, consecuencia do anterior.

Así as cousas, nun período de negociación intensa, CESM-Galicia convocou unha folga de carácter indefinido cunha extensa táboa reivindicativa no colectivo médico, comprendendo tanto ao persoal de atención primaria como ao de atención hospitalaria e ao persoal médico residente en formación. Ao respecto dos múltiples



obxectivos da folga, a Administración ten manifestado que moitos deles xa están acordados como materia de negociación na Mesa Sectorial e que, ademais, en moitos casos (como, por exemplo, os asuntos que afectan a atención primaria) as pretensións afectan a materias xa acordadas e tamén a materias organizativas complexas.

Cómpre indicar ademais que o Sergas está inmerso nun proceso de escoita dentro do plan de avaliación de riscos psicosociais, co proceso de enquisas rematado. Neste intre hai reunións previstas nos próximos días con persoas dos colectivos convocados á folga para analizar os resultados e propoñer medidas adaptadas ás inxerencias e opinións manifestadas, as cales inspirarán as políticas de persoal referentes ao colectivo.

Con todo, considerando que neste intre o consenso cos representantes sindicais, a paz social e un clima de negociación deparará máis beneficios ao colectivo profesional -e consecuentemente á cidadanía- ca unha situación de conflito, e tendo en conta ademais que de modo inmediato -o día 21 de abril- comeza a campaña electoral para as eleccións sindicais que realizará o persoal das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde o 11 de maio, as partes **ACORDAN dar por finalizado o conflito** cos seguintes **compromisos esenciais en materia de adecuación de conceptos retributivos e xornada**, os cales serán concretados e presentados inmediatamente á Mesa Sectorial de negociación do persoal do sector sanitario de Galicia:

A) GARDAS MÉDICAS DE PRESENCIA FÍSICA E LOCALIZADA EN ATENCIÓN PRIMARIA E HOSPITALARIA

1º. Para fomentar a realización de gardas, presentase un incremento do prezo das gardas médicas, diferenciando as laborables das prestadas os domingos e festivos. Así tamén, as prestadas a partir de un número de gardas igual ou superior a 5 gardas/mes.

- Importe hora gardas día laborable de presenza física: 28 euros hora
- Importe hora gardas presenza física domingos e festivos: 30 euros hora
- Importe hora garda localizada día laborable: 14 euros hora
- Importe hora garda localizada de domingo e festivos: 15 euros hora
- O prezo das gardas de presenza física prestadas a partir de un número de gardas igual ou superior a 5 gardas/mes: 37 euros hora.

Incrementarase 1 euro o valor da hora de garda de presenza laborable e festiva a partir de 1 de Xullo de 2023, e 0,5 ao valor da garda localizada. Acadarase o valor completo destas gardas a partir do 1 de xaneiro de 2024.

O prezo das gardas igual ou superior a 5, aplicarase a partir do 1 de xaneiro de 2024.

2º.- Configuración das gardas localizadas e libranzas: propónse como acordo negociar a partir da segunda quincena de maio, a normativa para unificar o tratamento da libranza e a conversión das gardas localizadas en físicas.

Así tamén, o persoal que realice unha garda de presenza física en sábado ou véspera de festivo terá dereito á libranza compensatoria do descanso semanal ou festividade, que se fará efectiva o luns ou alternativamente nos catorce días seguintes á realización da garda, en función das horas de descanso acumuladas no período anterior.

3º.- Módulos de exención de gardas de presenza física de facultativos especialistas de área maiores de 55 anos: negociárase un novo modelo de regulación, con prezo estimado de 84 euros/hora por cada módulo de 4 horas con un máximo de 3 módulos de promedio mensual, a aplicar o 100% a partir do 1 de xaneiro de 2024. Nesa negociación incluírase o réxime de actualización dos módulos. A realización destes módulos será fora do horario ordinario e con rexistro e seguimento da actividade.

4º. Ao persoal médico que realice o seu traballo ordinario en sábado pola mañá se lle abonará un módulo adicional a prezo hora de garda tanto en atención primaria como en atención hospitalaria. Este incremento aplicarase a partir do 1 de xaneiro de 2024.


B) COMPLEMENTO ESPECÍFICO

En data 2 de Xuño, presentarase unha reconfiguración do complemento específico, na liña do que teñen regulado outros servizos de saúde, cara a diminuír a diferenza retributiva entre o persoal con dedicación exclusiva e o que non ten ese réxime de dedicación.

A negociación do modelo será pechada o día 1 de xullo para ser efectiva en xaneiro do ano 2024 con unha **diferenciación máxima de 180 euros.**

C) MÓDULOS DE TRABALLO NOS DIAS 24 E 31 DE DECEMBRO PARA PERSOAL FACULTATIVO

Para o persoal médico que actualmente non percibe retribución adicional por realizar xornada ordinaria os días 24 e 31 de decembro (xornada ordinaria de 7 horas en quenda de mañá ou tarde) devengará un módulo pola contía correspondente a 140 euros.



D) AXENDAS PERSOAL MÉDICO DE ATENCIÓN PRIMARIA

No prazo de 3 meses trala aplicación das prolongacións actualmente en implantación, darase conta dos resultados, valorando a proposta feita pola CESM de 300 minutos de actividade asistencial e retribución por paciente adicional.


No modelo de auto prolongación en pilotaxe que está en vigor, poderá aplicarse con demora continuada de 4 días e superación do límite da axenda de calidade. A auto prolongación poderá ser realizada por outro profesional.

E) PERSOAL RESIDENTE EN FORMACIÓN DE LICENCIADOS/AS SANITARIOS

O prezo das gardas de persoal residente en formación (A1- Licenciados sanitarios) terá o mesmo incremento porcentual no prezo das gardas que o persoal facultativo especialista.

Como consecuencia deste acordo a organización sindical CESM procede neste mesmo acto á **desconvocatoria da folga** convocada con carácter indefinido a partir do día 11 de abril de 2023.

Santiago de Compostela, 19 de abril de 2023

Pola Administración
Julio García Comesaña
María Estrella López-Pardo Pardo
Ana María Comesaña Álvarez
Jorge Aboal Viñas**Polo comité de folga**
Ramón Barreiro Paz
Enrique Marra-López Moreno
Marina Rodríguez López
Hugo Agreda López





Mercedes Castro Seijas

Enrique Fernández-Carrera Soler 

Margarita Prado Vaamonde 

Antonio Otero Peña 

Armando Manuel Gómez Iglesias 
Alberto Escobar Veiga 